

AG/jf

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, en relación co **Expediente de modificación do orzamento: 02/2024**, que contén un expediente de créditos extraordinarios "EXT.02/24, e outro de suplementos de crédito "SUP. 02/24", emítase o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Artigos 177, 179 e 180 do TRLRFL, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigos 34 a 38 e 40 a 42 do R.D. 500/1990, de 20 de abril (RD).
- Artigos 2, 3, 11, 12, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Acordo do Consello de Ministros de 13 de decembro de 2023, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade e teito de gasto non financeiro das Administracións Públicas para 2024-2026.
- Bases de execución do orzamento.

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Este expediente financíase con parte remanente de tesourería da liquidación de 2023 dispoñible para o financiamento de expedientes de modificación do presuposto por importe de 24.602.374,65 € e con parte dos maiores ingresos sobre os previstos procedentes da PIE por importe de 5.189.518,71 € .

En canto ao uso do remanente, o Ministerio non se pronunciou oficialmente ata o día 10 deste mes sobre a aplicación do artigo 32 la LOEPSF ao superávit de 2023, establecendo que non lle resulta de aplicación ao superávit de 2023.

En relación co uso de maiores ingresos sobre os previstos, de acordo co establecido no artigo 12.5 da LOEPSF, que si resulta de aplicación, teñen que destinarse a reducir o nivel de endebedamento. Non obstante, é preciso dicir que ditos maiores ingresos non se teñen que destinar a reducir a débeda xa que, en sentido estrito, non se trata de maiores ingresos sobre os previstos, dado que, cando aprobamos o presuposto, puxemos como ingresos procedentes da PIE os importes que recibimos no exercicio de 2023 menos 5.189.518,71 € para compensar a liquidación negativa da PIE de 2020, pois, nese momento, carecíamos de datos dos PXE/2024, advertindo na memoria da Presidencia que "...si os ingresos foran superiores tramitaríanse os oportunos expedientes de modificación".



AG/jf

Con data 20 de febreiro de 2024, recibimos comunicación do Ministerio indicándonos que se incrementan as dotacións para o financiamento das Entidades locais para compensar os saldos negativos pendentes da liquidación da PIE de 2020 correspondentes ao exercicio de 2024, por importe de 5.189.518,71 €, utilizándose neste expediente 3.040.114,92 €.

En relación coas subvencións nominativas que se relacionan neste expediente, será necesario que se xustifique, cando se tramite o procedemento da súa concesión, a imposibilidade ou a dificultade para a súa concesión mediante procedementos de concorrencia competitiva.

Respecto do cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, periodicamente infórmase sobre o cumprimento, polo tanto, non procede incorporar ao expediente un informe específico.

Este expediente de modificación de crédito, en función das obrigas que se cheguen a recoñecer ao longo do exercicio podería dar lugar na liquidación do orzamento ao incumprimento de dita Lei de Estabilidade. Se ben, tendo en conta que parte do financiamento do expediente realízase con cargo ao remanente de tesourería e, aínda que se configura como un activo financeiro, trátase de aforro propio cuxa utilización non comporta a obriga da súa devolución. En consecuencia, non cabe admitir que o seu emprego para financiar investimentos ocasione unha situación de déficit estrutural, xa que as aplicacións obxecto da modificación corresponden con investimentos que ao longo do exercicio posiblemente acaden un nivel moi baixo de execución, non chegando a recoñecerse obrigas no exercicio 2024. Por outra banda, tampouco supoñen a asunción de novas actividades ou servizos por parte da Deputación que impliquen un incremento no futuro dos gastos de funcionamento, mantemento ou conservación.

A tramitación destes expedientes respecta o equilibrio orzamentario.

A tramitación destes expedientes esixe os trámites seguintes:

- Ditame da Comisión Informativa.
- Acordo Plenario.
- Exposición ó público polo prazo de 15 días hábiles.
- Acordo Plenario de resolución de reclamacións, se fose o caso e, aprobación definitiva.
- Publicación do resumo por capítulos no B.O.P.



AG/jf

CONCLUSIÓN

Infórmase favorablemente este expediente de modificación do presuposto, xa que cumpre cos requisitos establecidos na normativa, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian.

Asinado dixitalmente ao marxe.

